



1º BUDIÑORAI D SANTIAGUINO 2023

Instruccions de carreira

Horarios da Proba categorias 3.0 e 2+1

- **Venres 28 de Abril dende as 20:00 as 22:00 horas:**
 - Recollida de dorsais no **Pavillón municipal Patricia Martínez** e apertura do chan duro.
- **Sábado 29 de Abril:**
 - De 13:00-14:00 .
 - Apertura de Boxes na zona de **Saída**.
 - Recollida de dorsais e recepción de equipos no Pazo de Mos.
- **14:15 a 14:30:** Charla Técnica da carreira na zona de saída.
- **14:45:** Entrega dos mapas da carreira.
- **14:58:** Chamada a presaida.
- **15:00:** Saída do Raid dende o Pazo de Mos.
- **23:30:** Peche de meta no Pazo de Mos.
- **00:00:** Entrega de trofeos e pinchos de confraternidade no **Pazo de Mos.** (Dependendo de como estea o tempo)

Horarios da Proba categoria OrientaRaid

- **Venres 28 de Abril dende as 20:00 as 22:00 horas:**
 - Recollida de dorsais no **Pavillón municipal Patricia Martínez** e apertura do chan duro.
- **Sábado 29 de Abril:**
 - De 13:00-14:00 .
 - Apertura de Boxes na zona de **Saída**.
 - Recollida de dorsais e recepción de equipos na Alameda de Redondela.
- **14:15 a 14:30:** Charla Técnica da carreira na zona de saída.
- **14:45:** Entrega dos mapas da carreira.
- **14:58:** Chamada a presaida.
- **15:00:** Saída do Raid dende a Alameda de Redondela
- **21:00:** Peche de meta no Pazo de Mos.
- **21:30:** Concerto no Pazo de Mos
- **00:00:** Entrega de trofeos e pinchos de confraternidade no **Pazo de Mos.** (Dependendo de como estea o tempo)

LOCALIZACIÓNS E ASISTENCIA



Pazo de Mos



Alameda de Redondela

- A secretaría do venres o chan duro e as duchas estarán ubicadas no pavillón municipal de Patricia Martínez. A secretaría estará aberta o venres 28 de 20:00 a 22:00h para todas as categorías. O chan duro estará aberto a partir das 20:00h.
- A secretaría estará aberta tamén o sábado na zona de saída de 13:00 a 14:00 tanto na saída de 3.0 e 2+1 no Pazo de Mos como en Orientaraid na Alameda de Redondela.
- Tedes varias zonas de aparcamento moi preto das zonas de saída así como na inmediateción do chan duro.
- A transición 1 (para Raid3.0 e Raid2+1 estará aberta a partir das 12:30 para todos aqueles que queiran deixar material e non teñan asistencia. O final do Raid, para todos aqueles que non teñan asistencia, faremos o porteo do material á meta. Este ten que estar no punto indicado pola organización e etiquetado da forma que se poida identificar.
- Na zona de meta haberá servizos de restauración.
- Agradecemos que os que vaiades facer uso do chan duro o notifiqueades previamente a organización a través de budinhoraid@gmail.com

CENTRO DE COMPETICIÓN

- Os boxes abrirán as **13:00h** no Pazo de Mos para 3.0 e 2+1 e na Alameda de Redondela para Orientaraid
- **Na transición 1 (3.0 e 2+1) e saída (Orientaraid)** teremos unha área delimitada para os boxes, recordade que a organización non fai asistencia pero os boxes na Alameda de Redondela estarán abertos a partir das 12:30 para todo aquel que queira deixar material
- Atención o **material obrigatorio e de seguridade**. Faremos controis de material durante a proba.
- Os mapas entregaranse a todos os equipos no mesmo momento, con excepción dos mapas do sprint (2+1 e Orientaraid) que se entregarán ao finalizar o sector do Kayak para Orientaraid e na descarga na Alameda de Redondela para 2+1. Faranse descarga despois do Kaya tanto para 3.0 como para 2+1.
- A saída do Raid será en masa. Dous minutos antes da saída faremos unha chamada á presaída para que vades colocándovos.
- Recordade picar as balizas de final de sector.



PRIMEIRA BTT (1º sector 3.0 e 2+1 4º sector Orientaraid)

- Sector lineal. Será realizado na modalidade BTT, con unha distancia aproximada de 16km. Un mapa de escala 1/25.000 feito para a ocasión e actualizado cos camiños necesarios para a realización da proba.
- Atención as estradas prohibidas e os pasos permitidos, haberá persoal da organización neses puntos tendo conta dos participantes e vixiando o cumprimento das normas.
- Atención a hora de peche do sector .
- Recordade picar a baliza de final de sector, comprobando no Raidbook que é a que corresponde.



SPRINT REDONDELA (2º Sector para 3.0 e OrientaRaid, 4º sector para 2+1)

- Sector score realizado na modalidade de Orientación a Pé, con unha distancia de aproximadamente 2 kms, que percorrerá as rúas e pasadoiras de Redondela..
- Neste sector teremos un mapa a escala 1/4.000. Os mapas de este sector serán entregados para Orientaraid ó finalizar o kayak e para 2+1 cando fagan a descarga. Para 3.0 serán entregados co resto dos mapas. Recordade picar baliza de fin de sector.
- Pola vosa seguridade está prohibido correr polo núcleo urbano cas zapatillas da BTT, se estas teñen calas.



KAIAK

(3º Sector para 3.0 e 2+1; 1º sector para Orientaraid)



- Sector lineal que percorrerá a Enseada de San Simón. Un mapa a escala 1/15.000.
- O enlace da transición á saída estará balizado e realizarase en BTT. (Senón podedes facelo a pé se queredes)
- Disporedes dun kaiak por equipo polo que só participarán dous compoñentes, o resto dos compoñentes de todas as categorías descansan.
- Atención as horas de apertura e peche.
- Haberá un punto na transición 2 onde os equipos que non dispoñan de asistencia.
- Para os que usedes palas propias, podedes deixalas na Alameda de Redondela a partir das 12:30
- Non se podrá colocar o chaleco sen vestimenta.
- Debedes de recoller e deixar os kaiaks no punto indicado pola organización. O incumprimento desta norma supón a descalificación.
- Ó final do kaiak, tanto para 3.0 e 2+1 realizarase unha descarga na transición como indica o Raidbook.
- Recordade picar a baliza de final de sector, comprobando no Raidbook que é a que corresponde.

TREKKING VIXIADOR

(4º Sector 3.0, 2º sector 2+1 e 3º Orientaraid)

- Sector lineal cunha distancia aproximada de 19kms. Un mapa escala 1/15:000
- Atención as estradas prohibidas e os pasos obrigatorios, haberá persoal da organización neses puntos tendo conta dos participantes e vixiando o cumprimento das normas.
- Atención a hora de peche e apertura do seguinte sector Raid2+1.
- Recordade material obrigatorio, vai ser necesario o frontal.
- Obrigatorio calzado adecuado para a proba, non está permitido calzado de btt con calas.
- Recordade picar a baliza de final de sector, comprobando no Raidbook que é a que corresponde.



BTT GALLEIRO

(5º Sector 3.0 e 2+1)

- Sector lineal. Dous mapas a escala 1/20.000 con distancia aproximada de 40 kms. Este sector só o realizan as categorías Raid3.0 e Raid2+1.
- Atención as estradas prohibidas e os pasos permitidos, haberá persoal da organización neses puntos tendo conta dos participantes e vixiando o cumprimento das normas.
- No percorrido hai multitude de trialeras, algunhas con fortes pendentes e terreo solto. Extremade a precaución ou evitadeas se tedes dúbidas.
- Atención á hora de peche e de inicio de sector
- Atención ó material obrigatorio, será necesario frontal, chaleco e as luces da bici.
- Recordade picar a baliza de final de sector, comprobando no Raidbook que é a que corresponde.



TREKKING

(Último sector para todas as categorías)

- Sector lineal cun mapa a escala 1/10.000. Cunha distancia aproximada de 6 kms.
- Atención as estradas prohibidas e os pasos obrigatorios, haberá persoal da organización neses puntos tendo conta dos participantes e vixiando o cumprimento das normas.
- Atención a hora de peche de meta.
- Recordade material obrigatorio, vai ser necesario o frontal e chaleco reflectante.
- Obrigatorio calzado adecuado para a proba, non está permitido calzado de btt con calas.
- Recordade picar a baliza de final de sector e meta, comprobando no Raidbook que é a que corresponde.

